

AXUDAS DIRIXIDAS A TÉCNICOS PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS E CURSOS

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-02

Conscientes da importancia da formación e preparación no eido deportivo, a Federación Galega de Natación (FEGAN) convoca as axudas para a asistencia a congresos ou seminarios dirixidos aos adestradores que, durante a tempada 2009 - 2010, realicen algunha actividade formativa de recoñecido prestixio fóra da nosa Comunidade.

REQUISITOS:

Poderán solicitar esta axuda todos os adestradores que cumpran os requisitos seguintes:

Ter licenza federativa na FEGAN na tempada 2009-2010.

Posuír como titulación mínima o título de adestrador auxiliar en calquera das disciplinas.

Asistir a algún congreso ou seminario referente a algunha das disciplinas que integran esta Federación, ou cursos de Adestrador Auxiliar ou Superior.

Esta actividade deberá ter, ao menos, ámbito nacional e desenvolverse fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

O congreso ou curso deberá estar organizado por algunha institución vencellada ao noso deporte, preferentemente a RFEN, LEN ou FINA así como a AETN ou o Ministerio de Educación a través do sistema universitario.

DOTACIÓN DA AXUDA E LIMITACIÓNS:

O importe da presente axuda consistirá nunha dieta completa (30 euros) por cada día de congreso ou curso establecéndose un máximo de 5 días computables.

A súa concesión está limitada a unha axuda por tempada para cada adestrador, formando parte da partida orzamentaria establecida pola FEGAN para tecnificación e formación de técnicos.

Presentación de solicitudes e prazo:

Todos aqueles interesados deberán enviar a súa solicitude debidamente cuberta (ANEXO) á sede da FEGAN (Av. de Glasgow 13, A Coruña) xunto coa xustificación da asistencia á actividade outorgada pola institución organizadora.

A presentación da mesma deberá ser feita antes da finalización da presente tempada.

A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEGAN

ANEXO.

Programa de Tecnificación e Formación.

AXUDAS DIRIXIDAS A TÉCNICOS			
DATOS DO SOLICITANTE.			
Apelidos e nome:			
N. Licencia:		Clube:	
Enderezo postal:			
Código postal		Concello:	
Teléfono:		Correo-e:	
ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A AXUDA.			
Curso ou congreso:			
Entidade organizadora:			
Lugar de celebración:			
Data:		Numero de días:	
<p>....., a ____ de de 20__</p> <p>Asdo:</p>			
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR.			
<p>- Copia do certificado de asistencia onde se indique o número de xornadas e duración do curso.</p> <p>- Xustificante da titulación mínima requirida (adestrador auxiliar) (entregar só no caso de solicitar esta axuda por primeira vez).</p>			